



EXPOSICIÓN Maruxa Seoane: achegamento a M^a Elvira Fernández López

DATAS Do 14 de decembro de 2018 ao 19 de marzo de 2019

LUGAR Sala principal de exposicións da planta baixa

COMISARIO Juan de la Colina

PRODUCCIÓN Fundación Luis Seoane

HORARIOS De martes a domingo de 11:00 a 15:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas
Luns pechado

INAUGURACIÓN Venres 14 de decembro de 2018, 20:00 horas

Para máis información e solicitude de imaxes Emma Fernández Castro
emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Maruxa Seoane: achegamento a M^a Elvira Fernández López é un proxecto expositivo que afonda na figura de María Elvira Fernández López (A Coruña, 24 de xaneiro de 1912 - 25 de marzo de 2003), *Maruxa*, compañeira inseparable de Luis Seoane, persoa chave na súa traxectoria que, tras o falecemento do artista en 1979, dedicaríase a súa vida á recuperación e agrupamento do seu legado para Galicia, nun proceso que culminaría en 1996 coa creación da Fundación Luis Seoane na Coruña.

Comisariada polo artista e profesor de arte Juan de la Colina, a mostra nace do desexo de destacar e renderlle homenaxe á personalidade de Maruxa Seoane e, ao mesmo tempo, recoñecer e visibilizar o seu labor, reducido con frecuencia ao papel de 'muller de artista'. Para isto, a exposición reúne unha selección de óleos, fotografías, obra gráfica e documentación diversa, así como varias testemuñas, coa fin de elaborar o retrato dunha muller do seu tempo, que por vontade propia dedicou a súa vida a Luis Seoane participando da súa vocación de servizo á cultura galega.

A relación con Luis Seoane, ao que coñecía desde pequena xa que eran curmáns, comeza cando él tiña 17 anos e ela 15. Sendo Luis estudante de dereito en Compostela, Maruxa expón a súa familia o seu desexo de estudar música na mesma cidade, pero os seus pais non ven con bós ollos a coincidencia de ambos sen supervisión familiar, e finalmente téñen que optar por estudar Comercio na Coruña. Porén, as frecuentes viaxes a Compostela coa súa nai, lle permiten manter o contacto co artista, e tratarse ao mesmo tempo cos intelectuais vinculados á universidade. Tras obter a licenciatura como avogado, Seoane establécese en 1934 na Coruña. Ambos afílianse ao Partido Galeguista e participan en reunións culturais e políticas.

Tras o estalido da Guerra Civil no 1936, Luis Seoane exíliase no seu Bos Aires natal. Maruxa acompañaralo pouco tempo despois, tras casarse con él por poderes. Atrás deixará á súa familia. O seu irmán Manuel, preso na cadea pola súa militancia política, será executado pouco despois da súa partida.

Na cidade de Bos Aires coinciden intelectuais galegos, españois, europeos e latinoamericanos. Entre as amizades de Luis e Maruxa atópanse figuras como Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Maruja Mallo, Grete Stern, Julio Cortázar, Rafael Alberti, M^a Teresa León e Esther de Cáceres, por citar só algúns exemplos. Maruxa leva a contabilidade, a axenda do artista, e exerce de interlocutora con galerías, museos e coleccionistas, encargándose do matemento de materiais, da montaxe dos lenzos de pequeno e mediano formato e da imprimación das teas. A partir de 1942, traballa como correctora de probas de todos os proxectos editoriais nos que intervén Luis, pasando a ser a súa colaboradora imprescindible e participando activamente nalgúns das iniciativas máis importantes de Seoane no seu labor de dinamizador da cultura galega no exilio, como a revista *Galicia Emigrante*, editada no seu domicilio, á que contribúe con pequenos textos críticos e receitas de cociña, moitas delas, probablemente, inspiradas nas de súa tía Andrea, propietaria do coñecido restaurante coruñés Casa Naveiro, que tamén aparecerán na revista *Correo Literario*.

Maruxa é a gran musa de Luis Seoane, que a ve como o prototipo da muller galega. A súa presenza impregna a súa obra, ás veces de maneira evidente, como nos retratos que lle dedica, outras de forma máis subtil, como nos debuxos do álbum *Homenaje a la Torre de Hércules* ou en varias das numerosas representacións femininas que poboan a produción do creador galego.

Aínda que en 1949 visitan Galicia como parte dun periplo por Europa, non será ata os anos 60 cando poidan formularse o seu regreso e pasar temporadas máis longas na súa terra. Nestas primeiras viaxes, realizadas

sempre con medo á ditadura, visitan O Castro onde, en 1963, por mediación dos seus amigos Isaac Díaz Pardo e Carmen Arias, se lles proporciona un estudo-vivenda para traballar. Comprometidos co proxecto do Laboratorio de Formas do Castro e Sargadelos desde 1964, a partir de 1967 alternan as estadias en Galicia e Bos Aires. Finalmente, en 1969 adquiren un piso na cidade da Coruña, con vistas a esa Torre de Hércules á que Luis Seoane lle dedicara unha das súas obras máis célebres, o álbum de debuxos *Homenaje a la Torre de Hércules*.

Tras o falecemento prematuro de Luis Seoane en 1979, e tras un período de desazo, Maruxa emprende a tarefa de reunir a obra do artista para construír un legado que trascendese na súa terra. Para iso realiza varias viaxes á Arxentina, recuperando a maior parte da súa obra, adquiríndoa a coleccións privadas cos seus aforros.

En 1994, a Xunta de Galicia decide homenaxear a Luis Seoane cunha serie de actos, e a Real Academia Galega lle dedica ese mesmo ano o Día das Letras Galegas, sendo Maruxa a protagonista de todos os eventos.

En 1996, creáse a Fundación Luis Seoane, que se establecerá provisionalmente na rúa de Durán Loriga da Coruña. En marzo de 2003, Maruxa falece, e tres meses despois, a Fundación trasládase á súa sede definitiva, no antigo Cuartel de Macanaz, un edificio rehabilitado situado na Cidade Vella coruñesa.

A exposición inclúe ademais, nun espazo creado para a ocasión, un documental dirixido por Juan de la Colina, que ilustra e reflexiona acerca da figura de Maruxa Seoane. Experimental na forma, a película ten vocación de documento veraz. A banda sonora do documental foi realizada especificamente polo músico de orixe galego Pao Durán, e nela figuran gravacións dos anos 40 coa voz da propia Maruxa cantando.

OUTROS DATOS SOBRE A EXPOSICIÓN

- Óleos e debuxos orixinais de Luis Seoane dedicados á súa dona ou inspirados nela.
- Alguns óleos e gravados representativos e emblemáticos do legado de Maruxa Seoane á Fundación Luis Seoane.
- Proxección dixitalizada de pezas de Luis Seoane que a súa viuva doou á Real Academia Galega e ao Museo de Belas Artes.
- Material pouco coñecido ou inédito relacionado con Maruxa Seoane, como cartas, libros e outros documentos.
- Máis de 200 fotografías de Maruxa e persoas da súa contorna, recollidos nun libro-obxecto creado para a ocasión para consulta do público.
- Recreación da vivenda de Maruxa, con exposición das pinturas, gravados, debuxos e fotografías dos que se rodeou, moitos deles do propio Luis Seoane, pero tamén doutros autores como Laxeiro, Díaz Pardo, Jef Diederer, Hans Hamngren ou Mújica Lainez.
- En relación co punto anterior, e formando unha gran instalación con esas pezas, amosaráse un audiovisual doméstico con imaxes da casa de Seoane realizado por Francisco Morón, marido da súa sobriña Teresa, feito ao poco tempo de falecer Maruxa, nas que se pode ver o estudo do artista no seu estado orixinal.
- Cartografía e contextualización histórica de mulleres destacadas no círculo de amizades da parella, cun dispositivo específico para posibilitar a interacción do público.

- Fotografías que recoñecidos fotógrafos galegos realizaron de Maruxa nos últimos anos da súa vida.
- Poemas dedicados por Xavier Seoane a Maruxa no momento do seu falecemento.
- Bosquexos, planos e maqueta da Fundación Luis Seoane, realizados polos arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco, autores da rehabilitación da súa sede.